

CRITERIOS ESPECÍFICOS DE SELECCIÓN E DISTRIBUCIÓN DE PRAZAS

Os contidos que o alumnado deberá superar serán publicados por cada centro de estudos con anterioridade ao inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión. Así mesmo informarase dos posibles recoñecementos.

CAMPUS DE OURENSE:

GRAO EN EDUCACIÓN INFANTIL

Distribución de prazas:

- 10 prazas para quen acadara o título pola Universidade de Vigo
- 8 prazas para titores do alumnado de Prácticum da Universidade de Vigo, tanto das antigas titulacións de mestres como do Grao en Educación Infantil
- 2 prazas para diplomadas e diplomados non incluídos nos grupos anteriores
- De non cubrirse todas as prazas ofertadas poderán ser acumuladas a outro grupo

Criterios específicos de selección:

- Expediente académico para quen acadara o título pola Universidade de Vigo no plan de estudos do ano 2000
- Tempo como titores de Prácticum de alumnado da Universidade de Vigo
- Expediente académico para diplomadas e diplomados non incluídos nos grupos anteriores

GRAO EN EDUCACIÓN PRIMARIA

Distribución de prazas:

- 10 prazas para quen acadara o título pola Universidade de Vigo
- 8 prazas para titores do alumnado de Prácticum da Universidade de Vigo, tanto das antigas titulacións de mestres como do Grao en Educación Primaria
- 2 prazas para diplomadas e diplomados non incluídos nos grupos anteriores
- De non cubrirse todas as prazas ofertadas poderán ser acumuladas a outro grupo

Criterios específicos de selección:

- Expediente académico para quen acadara o título pola Universidade de Vigo no plan de estudos do ano 2000
- Tempo como titores de Prácticum de alumnado da Universidade de Vigo
- Expediente académico para diplomadas e diplomados non incluídos nos grupos anteriores

GRAO EN EDUCACIÓN SOCIAL

Distribución de prazas:

- 8 prazas para quen acadara o título pola Universidade de Vigo
- 8 prazas para titores do Prácticum
- 4 prazas para diplomadas e diplomados noutras universidades

Criterios específicos de selección:

- Expediente académico

GRAO EN ENFERMARÍA

Distribución de prazas:

- 30% para quen obtivera a diplomatura en Enfermaría nos 3 cursos académicos anteriores ao curso no que se pretenden matricular. No caso de haber máis solicitudes que prazas a repartir dentro dun ano académico, decidirase segundo o expediente académico e a experiencia laboral acreditada como enfermeiras ou enfermeiros

- 70% para quen obtivera a diplomatura en Enfermaría en cursos académicos distintos aos sinalados no parágrafo anterior. No caso de haber máis solicitudes que prazas, decidírase segundo o expediente académico e a experiencia laboral acreditada como enfermeiras ou enfermeiros
- De non cubrirse algún dos grupos, pasarán a ofertarse como novas vacantes ao outro grupo, de xeito que non queden vacantes

Criterios específicos de selección:

- Valorarase a nota media do expediente ata un máximo de 4 puntos e a experiencia laboral ata un máximo de 6 puntos
- Valorarase un punto por ano traballado e no caso de períodos inferiores procederá ao rateo da puntuación. Se a suma da puntuación dalgunha ou dalgún candidato supera o límite establecido, quen consiga o máximo terá a puntuación límite e para as restantes calcularase de xeito proporcional

GRAO EN ENXEÑARÍA INFORMÁTICA

Criterios específicos de selección:

- Nota media do expediente académico.

Memoria do Grao en Enxeñaría Informática, páxina 30, accesible dende:

http://www.esei.uvigo.es/fileadmin/docs/estudios/memoria_grado_final/MemoriaGrado.pdf

GRAO EN TRABALLO SOCIAL

Distribución de prazas:

Establécense os seguintes grupos de acceso:

- 10 prazas para quen acadara o título pola Universidade de Vigo a partir do ano 2003
- 8 prazas para titores do alumnado da Universidade de Vigo
- 2 prazas para diplomadas e diplomados non incluídos nos grupos anteriores

Criterios específicos de selección:

- Expediente académico para quen acadara o título pola Universidade de Vigo a partir do ano 2003
- Número de horas/anos como titores de alumnado da Universidade de Vigo
- Expediente académico (50%) e experiencia profesional en Traballo Social (50%) para diplomadas e diplomados non incluídos nos grupos anteriores

CAMPUS DE PONTEVEDRA:

GRAO EN DIRECCIÓN E XESTIÓN PÚBLICA

Sen criterios específicos de selección

GRAO EN EDUCACIÓN INFANTIL

Distribución de prazas:

- 5 prazas para quen acadara o título pola Universidade de Vigo
- 4 prazas para titores do alumnado de Prácticum da Universidade de Vigo, tanto das antigas titulacións de mestres como do Grao en Educación Infantil
- 1 praza para diplomadas e diplomados non incluídos nos grupos anteriores
- De non cubrirse todas as prazas ofertadas poderán ser acumuladas a outro grupo

Criterios específicos de selección:

- Expediente académico para quen acadara o título pola Universidade de Vigo no plan de estudos do ano 2000
- Tempo como titores de Prácticum de alumnado da Universidade de Vigo

- Expediente académico para diplomadas e diplomados non incluídos nos grupos anteriores

GRAO EN EDUCACIÓN PRIMARIA

Distribución de prazas:

- 5 prazas para quen acadara o título pola Universidade de Vigo
- 4 prazas para titores do alumnado de Prácticum da Universidade de Vigo, tanto das antigas titulacións de mestres como do Grao en Educación Primaria
- 1 praza para diplomadas e diplomados non incluídos nos grupos anteriores
- De non cubrirse todas as prazas ofertadas poderán ser acumuladas a outro grupo

Criterios específicos de selección:

- Expediente académico para quen acadara o título pola Universidade de Vigo no plan de estudos do ano 2000
- Tempo como titores de Prácticum de alumnado da Universidade de Vigo
- Expediente académico para diplomadas e diplomados non incluídos nos grupos anteriores

GRAO EN ENFERMARÍA

Distribución de prazas:

- 30% para quen obtivera a diplomatura en Enfermaría nos 3 cursos académicos anteriores ao curso no que se pretenden matricular. No caso de haber máis solicitudes que prazas a repartir dentro dun ano académico, decidirase segundo o expediente académico e a experiencia laboral acreditada como enfermeiras ou enfermeiros
- 70% para quen obtivera a diplomatura en Enfermaría en cursos académicos distintos aos sinalados no parágrafo anterior. No caso de haber máis solicitudes que prazas, decidirase segundo o expediente académico e a experiencia laboral acreditada como enfermeiras ou enfermeiros
- De non cubrirse algún dos grupos, pasarán a ofertarse como novas vacantes ao outro grupo, de xeito que non queden vacantes

Criterios específicos de selección:

- Valorarase a nota media do expediente ata un máximo de 4 puntos e a experiencia laboral ata un máximo de 6 puntos
- Valorarase un punto por ano traballado e no caso de períodos inferiores procederase ao rateo da puntuación. Se a suma da puntuación dalgunha ou dalgún candidato supera o límite establecido, quen consiga o máximo terá a puntuación límite e para as restantes calcularase de xeito proporcional

GRAO EN ENXEÑARÍA FORESTAL

Distribución de prazas e criterios específicos de selección:

- 40 prazas para quen acadara a titulación de Enxeñaría Técnica Forestal pola Universidade de Vigo
 - ✓ Criterio da nota media
- 10 prazas para quen acadara a titulación de acceso noutras universidades
 - ✓ Expediente académico
 - ✓ Complementos formativos necesarios
 - ✓ Organización docente
 - ✓ Perfil profesional
- De non cubrirse algún dos grupos, pasarán a ofertarse como novas vacantes ao outro grupo, de xeito que non queden vacantes

GRAO EN FISIOTERAPIA

Criterios específicos de selección:

- Valorarase a nota media do expediente ata un máximo de 4 puntos e a experiencia laboral como fisioterapeuta ata un máximo de 6 puntos
- Valorarase un punto por ano traballado e no caso de períodos inferiores procederase ao rateo da puntuación. Se a suma da puntuación dalgunha ou dalgún candidato supera o límite establecido, quen consiga o máximo terá a puntuación límite e para as restantes calcularase de xeito proporcional
- Para a valoración da vida laboral como fisioterapeuta presentarse un certificado da vida laboral da Tesourería da Seguridade Social e unha relación dos postos de traballo desenvolvidos como fisioterapeuta e a súa duración, tendo en conta o seguinte:
 - ✓ Non se terán en conta os días de prestación por desemprego
 - ✓ En situación de pluriemprego como fisioterapeuta, terase en conta o número de días de alta no Sistema de Seguridade Social en activo
 - ✓ Cando se está en situación de pluriemprego, sendo a actividade maioritaria distinta da de fisioterapeuta, só se computan as horas traballadas e/ou como máximo media xornada laboral
 - ✓ Para ter en conta as actividades laborais en centros non asistenciais (Consellería de Educación, hotéis, ximnasios...) é necesario que se presente documentación xustificativa de que o traballo desenvolvido é como fisioterapeuta

CAMPUS DE VIGO:

GRAO EN EDUCACIÓN INFANTIL

Distribución de prazas:

- 10 prazas para quen acadara o título pola Universidade de Vigo
- 8 prazas para titores do alumnado de Prácticum da Universidade de Vigo, tanto das antigas titulacións de mestres como do Grao en Educación Infantil
- 2 prazas para diplomadas e diplomados non incluídos nos grupos anteriores
- De non cubrirse todas as prazas ofertadas poderán ser acumuladas a outro grupo

Criterios específicos de selección:

- Expediente académico para quen acadara o título pola Universidade de Vigo no plan de estudos do ano 2000
- Tempo como titores de Prácticum de alumnado da Universidade de Vigo
- Expediente académico para diplomadas e diplomados non incluídos nos grupos anteriores

GRAO EN EDUCACIÓN PRIMARIA

Distribución de prazas:

- 10 prazas para quen acadara o título pola Universidade de Vigo
- 8 prazas para titores do alumnado de Prácticum da Universidade de Vigo, tanto das antigas titulacións de mestres como do Grao en Educación Primaria
- 2 prazas para diplomadas e diplomados non incluídos nos grupos anteriores
- De non cubrirse todas as prazas ofertadas poderán ser acumuladas a outro grupo

Criterios específicos de selección:

- Expediente académico para quen acadara o título pola Universidade de Vigo no plan de estudos do ano 2000
- Tempo como titores de Prácticum de alumnado da Universidade de Vigo
- Expediente académico para diplomadas e diplomados non incluídos nos grupos anteriores

GRAO EN ENFERMARÍA

Distribución de prazas:

- 30% para quen obtivera a diplomatura en Enfermaría nos 3 cursos académicos anteriores ao curso no que se pretenden matricular. No caso de haber máis solicitudes que prazas a repartir dentro dun ano académico, decidirase segundo o expediente académico e a experiencia laboral acreditada como enfermeiras ou enfermeiros
- 70% para quen obtivera a diplomatura en Enfermaría en cursos académicos distintos aos sinalados no parágrafo anterior. No caso de haber máis solicitudes que prazas, decidirase segundo o expediente académico e a experiencia laboral acreditada como enfermeiras ou enfermeiros
- De non cubrirse algún dos grupos, pasarán a ofertarse como novas vacantes ao outro grupo, de xeito que non queden vacantes

Criterios específicos de selección:

- Valorarase a nota media do expediente ata un máximo de 4 puntos e a experiencia laboral ata un máximo de 6 puntos
- Valorarase un punto por ano traballado e no caso de períodos inferiores procederase ao rateo da puntuación. Se a suma da puntuación dalgunha ou dalgún candidato supera o límite establecido, quen consiga o máximo terá a puntuación límite e para as restantes calcularase de xeito proporcional

GRAO EN ENXEÑARÍA DE TECNOLOXÍAS DE TELECOMUNICACIÓN

Distribución de prazas:

- 75% para quen obtivera o título nos catro cursos académicos inmediatamente anteriores ao curso académico no que se pretende matricular. No caso de haber máis solicitudes que prazas, decidirase segundo o expediente académico e a experiencia laboral
- 25% para quen non cumpra a condición anterior. No caso de haber máis solicitudes que prazas, decidirase segundo o expediente académico e a experiencia laboral
- De non cubrirse algún dos grupos, as prazas ofertaranse no outro, de xeito que non queden vacantes

Criterios específicos de selección:

- Ter o título en Enxeñaría Técnica de Telecomunicación, en calquera das catro posibles especialidades: Sistemas de Telecomunicación, Sistemas Electrónicos, Son e Imaxe ou Telemática
- Para xustificar a experiencia laboral, deberase entregar currículum vitae xunto co informe da vida laboral

GRAO EN ENXEÑARÍA ELÉCTRICA

Distribución de prazas e criterios específicos de selección:

- 75% para quen obtivera o título nos catro cursos académicos inmediatamente anteriores ao curso académico no que se pretende matricular. Para esta admisión valorarase cada unha das partes e polo seguinte orde de prelación:
 - ✓ Título en Enxeñaría Técnica Industrial especialidade en Electricidade pola Universidade de Vigo
 - ✓ Expediente académico
 - ✓ Experiencia profesional
- 25% das prazas para quen obtivera o título e non cumpra a condición anterior. Para esta admisión valorarase cada unha das partes e polo seguinte orde de prelación:
 - ✓ Título en Enxeñaría Técnica Industrial especialidade en Electricidade pola Universidade de Vigo ou titulacións precedentes obtidas na E.E.I. de Vigo
 - ✓ Expediente académico
 - ✓ Experiencia profesional

GRAO EN ENXEÑARÍA ELECTRÓNICA INDUSTRIAL E AUTOMÁTICA

Distribución de prazas e criterios específicos de selección:

- 75% para quen obtivera o título nos catro cursos académicos inmediatamente anteriores ao curso académico no que se pretende matricular. Para esta admisión valorarase cada unha das partes e polo seguinte orde de prelación:
 - ✓ Título en Enxeñaría Técnica Industrial especialidade en Electrónica Industrial pola Universidade de Vigo
 - ✓ Expediente académico
 - ✓ Experiencia profesional
- 25% das prazas para quen obtivera o título e non cumpra a condición anterior. Para esta admisión valorarase cada unha das partes e polo seguinte orde de prelación:
 - ✓ Título en Enxeñaría Técnica Industrial especialidade en Electrónica Industrial pola Universidade de Vigo ou titulacións precedentes obtidas na E.E.I. de Vigo
 - ✓ Expediente académico
 - ✓ Experiencia profesional

GRAO EN ENXEÑARÍA EN QUÍMICA INDUSTRIAL

Distribución de prazas e criterios específicos de selección:

- 75% para quen obtivera o título nos catro cursos académicos inmediatamente anteriores ao curso académico no que se pretende matricular. Para esta admisión valorarase cada unha das partes e polo seguinte orde de prelación:
 - ✓ Título en Enxeñaría Técnica Industrial especialidade en Química Industrial pola Universidade de Vigo
 - ✓ Expediente académico
 - ✓ Experiencia profesional
- 25% das prazas para quen obtivera o título e non cumpra a condición anterior. Para esta admisión valorarase cada unha das partes e polo seguinte orde de prelación:
 - ✓ Título en Enxeñaría Técnica Industrial especialidade en Química Industrial pola Universidade de Vigo ou titulacións precedentes obtidas na E.E.I. de Vigo
 - ✓ Expediente académico
 - ✓ Experiencia profesional

GRAO EN ENXEÑARÍA MECÁNICA

Distribución de prazas e criterios específicos de selección:

- 75% para quen obtivera o título nos catro cursos académicos inmediatamente anteriores ao curso académico no que se pretende matricular. Para esta admisión valorarase cada unha das partes e polo seguinte orde de prelación:
 - ✓ Título en Enxeñaría Técnica Industrial especialidade en Mecánica pola Universidade de Vigo
 - ✓ Expediente académico
 - ✓ Experiencia profesional
- 25% das prazas para quen obtivera o título e non cumpra a condición anterior. Para esta admisión valorarase cada unha das partes e polo seguinte orde de prelación:
 - ✓ Título en Enxeñaría Técnica Industrial especialidade en Mecánica pola Universidade de Vigo ou titulacións precedentes obtidas na E.E.I. de Vigo
 - ✓ Expediente académico
 - ✓ Experiencia profesional

GRAO EN RELACIÓNS LABORAIS E RECURSOS HUMANOS

Distribución de prazas:

- As primeiras 18 prazas adxudicaranse aos titulados nalgún dos estudos referidos no apartado “titulacións de acceso”, sen necesidade de acreditar experiencia profesional, de conformidade co seguinte baremo:
 - Expediente académico da titulación de acceso (90%)
 - Outra titulación universitaria (10%)En caso de igualdade de condicións, terán prioridade as e os titulados pola Universidade de Vigo
- As restantes 2 prazas adxudicaranse por antigüidade de colexiación no Colexio Oficial de Graduados Sociais
En caso de igualdade de condicións, terán prioridade as e os colexiados no Colexio Oficial de Graduados Sociais de Pontevedra
- De non cubrirse na súa totalidade as prazas reservadas para algún dos grupos, o número de vacantes acrecerá directamente ao outro.

Titulacións de acceso:

Para poder acceder a este CURSO COMPLEMENTARIO haberá que estar en posesión dalgún dos títulos seguintes:

- Graduado Social do RD 921/1980, do 3 de maio (BOE do 17 de maio)
- Graduado Social Diplomado do RD 1524/1986, do 13 de xuño (BOE do 28 de xullo)
- Diplomado en Relacións Laborais do RD 1429/1990, do 26 de outubro (BOE do 20 de novembro) calquera que fora a Universidade española na que obtivese a titulación
- Os que se atopen en posesión do título de Graduado Social obtido conforme a plans de estudos anteriores ao ano 1980, sempre que obtivesen a equiparación académica de conformidade co contido da disposición transitoria segunda RD 921/1980

A docencia presencial será no horario establecido para o Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos da Facultade de Ciencias Xurídicas e o Traballo, nas aulas e horarios das materias correspondentes.